



# CLAUSURA DO AMOR

coproducen

cámara negra teatro



AGADIC



Agencia Galega das  
Industrias Culturais



XUNTA  
DE GALICIA



PREMIOS AO MELLOR ESPECTÁCULO E Á MELLOR ACTRIZ  
XXXI EDICIÓN DO FESTIVAL DE TEATRO GALEGO CELSO PARADA  
FETEGA 2020

ESPECTÁCULO SELECCIONADO PARA  
ESSENCIA 2021 VI FESTIVAL DE LA TEATRALIDAD  
DE LA SALA CUARTA PARED DE MADRID



Premio Nacional de Teatro 2020



**XXIV PREMIOS**  
**max**  
DAS ARTES ESCÉNICAS  
CANDIDATO

MELLOR ADAPTACIÓN OU VERSIÓN DE OBRA TEATRAL

CLAUSURA DO AMOR  
de Pascal Rambert

con  
Teté García  
Xosé M. Esperante

versión e dirección  
Carlos Alvarez-Ossorio

[www.camaranegra.org](http://www.camaranegra.org)  
[camaranegra@camaranegra.org](mailto:camaranegra@camaranegra.org)  
tlf. 656 627 037

a tradución deste texto acadou o seu remate final a través do traballo entre o director e os actores durante o proceso de ensaios e creación

agradecementos

Fátima R. Varela, Miguel Ángel Olivares, Fefa Noia, Fran Núñez, Fran Veiga, Talía Teatro, Diego Frey, Paloma Álvarez, Pauline Roussille, Lolita Davila, José Manuel Esperante, Loly Esperante e familia, Tere Cuerpo, Pepo, Mariceli, Sara e André

QUERÍA VENIRTE PARA DECIRTE  
QUE ESTO REMATOU  
QUE NON VAI SEGUIR  
QUE NON IMOS SEGUIR  
QUE REMATA AQUÍ  
NON PODEMOS SEGUIR PARA SEMPRE  
ENTENDES  
TI EVIDENTEMENTE  
ISTO SIGNIFICA ALGO PARA TI  
EVIDENTEMENTE



## ACTUACIÓN E PALABRA

Un home. Unha muller. Dous animais feridos que se confrontan un a outro, cheos de dor. Unha obra de resistencia física e emocional, onde os dous intérpretes deben abrirse en canal para encarnar un texto visceral sobre a fin do amor. O espectador asiste ao acto mesmo de clausurar o amor, de matalo en escena. Un duelo verbal que parte da dor, do medo e da liberación. Actuación e palabra. Nada máis. Un combate desgarrador e devastador, a través de dous monólogos intensos e inmensos.

Rambert escribe desde as vísceras. Somete a unha parella a unha ruptura sentimental durísima na que os protagonistas intercambian dous monólogos que expresan a violencia dun amor en proceso de defunción, mantendo a intensidade ata as últimas frases. Palabra a palabra, se atravesan querendo pechar para sempre unha relación que lles construíu e lles destruíu. A palabra convértese nun arma que fere, ataca, apuntando onde sabe que pode facer máis dano. É a guerra, unha guerra corpo a corpo. Unha ruptura como nunca antes tiveramos visto. Non hai tópicos. A linguaxe é nova.

“En *Clausura do amor* o máis importante é a linguaxe. A forma como usamos a linguaxe en determinadas circunstancias é máis efectiva que a tortura física. As palabras ditas actúan sobre o corpo con dureza, e podemos ver cal é o efecto da linguaxe, que sae do corpo, atravesa o espazo e chaga ao corpo do outro.” (Pascal Rambert)

Rambert busca o humano, furgar na dor, na tensión entre dúas voces que tratan de facerse entender. Leva ao límite as palabras, ata practicamente esgotalas, para describir o fracaso, a conclusión. Unha humanidade tan espida que non pode un saír indemne deste diálogo de monólogos, deste combate de soidades.



Quen es ti para falarme así?  
Acaso os seres humanos se falan así?  
Quen fala así?  
Quen fai iso?  
Os seres humanos fan iso?

## A NOSA PROPOSTA

Aparentemente, estamos ante unha simple ruptura de parella, pero o texto de Rambert é tan rico, ofrece tantos matices e tantas capas (é inevitable lembrar a Koltés, a Cassavetes ou a Rodrigo García, entre outros), que acaba sendo moito máis: un espello da nosa sociedade (non só de cara ao noso concepto de amor, senón ao noso concepto de empatía, do íntimo e do público, da realidade e a ficción...). Por iso, a nosa montaxe non quere nin pode ser servil nin ao texto nin ás postas en escena anteriores. Partimos do texto para afondar no que agocha, non no que mostra.

A nosa proposta é unha proposta de xogo teatral, de xogo actoral. Dese xogo actoral xurde toda a posta en escena. Un xogo visceral e salvaxe, non exento de humor acedo e corrosivo. Un traballo de improvisación e investigación rigoroso e liberador. Un traballo de creación moi físico, buscando os límites do texto, a humanidade espida do texto, rompéndoo se é preciso.

O espazo escénico é un espazo de ensaio, un teatro a medio montar, un espazo provisional, de xogo, en proceso, do mesmo xeito que o foi o noso proceso de ensaios. Ese espazo mutará en cada función, dependendo de cada teatro e de cada lugar, nunha montaxe que pode adaptarse non só para teatros senón tamén para espazos non convencionais, xogando coas características específicas do sitio. Trátase pois dunha proposta dinámica. Aínda que sexa teatro de texto (e partimos dun texto moi sólido) non é teatro pechado. Porque o espazo tamén xera un conflito.

# FICCCIÓN





O espectador é parte dese espazo. Estamos ante unha obra que confronta o íntimo co público, nun tema recorrente na nosa sociedade. Unha ruptura que tería que ter lugar na intimidade da casa, ten lugar nun teatro, diante dos espectadores, nunha exposición morbosa e case pornográfica dos sentimentos. O espectador vólvese cómplice, coma nun reality. E a ruptura converterase, así, nunha humillación pública.

Esta confrontación do íntimo co público está potenciada pola confrontación entre a ficción e a realidade. Para Xose, todo é ficción. Para Teté, todo é realidade. E por iso non sabemos onde terminan as personaxes e empezan os actores. Onde termina a parella da ficción e onde empeza a parella real. Porque Xose e Teté son Xose e Teté na montaxe. As persoas reais que hai detrás dos personaxes, a parella real que hai detrás da parella da obra, nunha proposta que nos achega á performance.

Como base de traballo, partimos dun marcado carácter audiovisual. Seis cámaras de vídeo, nunha realización en directo, nos amosan en todo momento aqueles xestos que permanecerían agochados doutro xeito: primeiros planos dos actores, miradas, o punto de vista do que escoita... Todo queda á vista do espectador.



## CRÍTICAS

“Este é un espectáculo contundente que fala de reconfigurar unha relación ou de constatar o fracaso e o distanciamento [...] con dous grandes actores, que ademáis son parella. [...] O propio dramaturgo recomenda que este texto, que é un reto interpretativo, estea construído tamén a partir deses lindeiros entre o real e a ficción, daquilo que nos pode trasladar tamén un intérprete e unha intérprete que son parella. E realmente esta é unha posta en escena que ten ese grande aval que é o traballo interpretativo. [...] Potencia interpretativa e unha principal convención escénica que é que eles actúan coma se estivesen sos, pero cunha cámara que esculca os primeiros planos onde as palabras son usadas como unha arma. [...] Eles utilizan os seus propios nomes, falan do concepto do amor, pero tamén falan de algo máis. Falan das relacións, dos camiños de rosas, dos tópicos da linguaxe, do poder da palabra, desa palabra que nos fire, que resoa logo despois na nosa memoria durante tempo, coma un desgarrar. [...] Pero tamén ese tirar para adiante ou ese tamén non saber para onde tirar é precisamente onde nos move este gran espectáculo que é 'Clausura do amor'. [...] Moi recomendable. Unha peza que dura dúas horas pero que en todo momento atrapa á persoa espectadora. [...] Grande traballo interpretativo. Aí temos Cámara Negra con un dos grandes espectáculos.”

*ROBERTO PASCUAL. DIARIO CULTURAL DA RADIO GALEGA*

“Ayer, Miércoles Santo, estuve en la Sala Cuarta Pared a ver una representación singular como fue para mi Clausura do amor, espectáculo en gallego con sobretítulos en castellano. Me impresionó el silencio con que el público acogió los 120 minutos. Creo que ni pestañeamos. Estábamos como absortos ante primero el monólogo del actor que lo bordó con los gestos, con las palabras, con las cadencias, con los silencios. Una hora exacta. Después sin descanso fue respondido por otro monólogo de la actriz, igual de espléndido. Solo dos personajes cara a cara diciéndose las verdades que no queremos escuchar. Si hay un adjetivo que recoja estas dos horas sobrecogedoras es el de ¡admirable, admirable! [...] No recuerdo una obra que te invite tanto a integrarte, no a tomar partido.”

*FELIZ REBOLLO. CANTANDO SOBRE EL ATRIL*

## PASCAL RAMBERT

Autor, director e coreógrafo. En 2016 recibiu o Premio de Teatro da Academia Francesa ao conxunto da súa obra. Desde 2014 é autor asociado ao Teatro Nacional de Estrasburgo e desde 2017 é artista asociado ao Théâtre des Bouffes du Nord e ao Pavón Teatro Kamikaze. Do 2007 ao 2017 foi director de T2G-Théâtre de Gennevilliers de París, que transformou en centro dramático nacional de creación contemporánea consagrado exclusivamente a artistas vivos (teatro, danza, ópera, arte contemporánea e cine). As súas obras foron traducidas e publicadas en numerosos idiomas: inglés, ruso, italiano, alemán, xaponés, chino mandarín, croata, esloveno, polaco, portugués, neerlandés, danés, castelán e catalán. “Clôture de l'amour” é a súa peza máis representada. Desde o 2011, cando fora creada no Festival de Aviñón, coñeceu un éxito mundial con adaptacións en máis de dez idiomas. O texto recibiu en 2012 o Premio á Mellor Creación dunha obra en lingua francesa polo Sindicato da Crítica e o Gran Premio de Literatura Dramática do Centre National du Théâtre.

## CARLOS ALVAREZ-OSSORIO

Director, actor, dramaturgo e cineasta, ten dirixido, entre outros, no Centro Andaluz de Teatro, na Convención Teatral Europea, na Red de Teatros Alternativos e no Festival de Teatro Clásico de Mérida, ademais de en diversas compañías independentes como Arela das Artes, La Yogurtera, Inversa Teatro, El Aedo ou GNP, acadando numerosos premios polas súas montaxes, como un Premio MAX, o Premio José Luis Alonso da Asociación de Directores de Escena de España (ADE), un Premio Telón Chivas e o Premio Jara do Teatro Profesional Extremeño ao mellor director. As súas montaxes viaxaron por toda España, por Francia, Cuba, Grecia, Alemaña ou Malta.

## TETÉ GARCÍA

Participa en máis de quince montaxes teatrais desde o ano 2003 ata a actualidade, baixo a dirección de Xulio Lago, para o Centro Dramático Galego, Quico Cadaval, Carlos Álvarez-Ossorio, Charo Amador, Diana Mera e Santiago Cortegoso, entre outros. No campo audiovisual, participa nas series “Rías Baixas” e “Serramoura” e en diversas curtametraxes dirixidas por Ángel Santos, Nani Matos, Daniel Cid, Martín Rodríguez, etc... Interpreta o papel da protagonista feminina na longametraxe “Fragmentos de Brand” dirixida por Carlos Álvarez-Ossorio e no videoclip “Pozo de Almas” de Maryland. Na actualidade forma parte do elenco das montaxes “Casa o Rei” de Ibuprofeno Teatro e “30 e tantos osos” de Aporía Escénica. Por “Clausura do amor” recibe o Premio á Mellor Actriz no FETEGA 2020.

## XOSÉ MANUEL ESPERANTE

Traballa en montaxes de Ibuprofeno teatro, Baobab, A Factoría, Cámara Negra, Centro Dramático Galego, Arela das Artes, Uvegá, Galileo teatro, Caramuxo teatro... En longametraxes como “Lobos sucios”, “Quien a hierro mata”, “El tiempo de Plácido Meana”, “Fragmentos de Brand”, “Malas temporadas”, “O ano da carracha” ou “O lapis do carpinteiro”. Tamén aparece en distintas series de televisión: “Fariña”, “Serramoura”, “Pazo de familia”, “Os Atlánticos”, “El comisario”, “A vida por diante”, “Amar en tiempos revueltos”, “Terras de Miranda”, “Vientos de agua”, “Cuéntame cómo paso”, “Galicia Exprés”... Acada o premio ao mellor actor da III Mostra de Curtametraxes Vila de Noia, pola súa intervención na curtametraxe “Inútil” de Paco Rañal, no ano 2001.

CÁMARA NEGRA leva dende 1996 montando textos de Shakespeare, Chejov, O'Neill, Müller, Ibsen, Dostoievski, Visniec ou Koltés, sempre desde un compromiso claro co teatro contemporáneo. A crítica destacou da compañía a súa "experimentación e austeridade" (Diario de Sevilla), que "leva as súas propostas ata o límite" (ABC de Sevilla), "que aposta pola investigación sen concesións" (BoleTiNT), que "remove entrañas" (Revista Época), e que os seus actores realizan "actuacións ao borde do límite" (El Correo de Andalucía). Definiuse tamén o seu traballo como "arte do bo" (Adelante, Cuba), como "un agasallo para a escena contemporánea" (Málaga Hoy), que "sacude os sentidos" (Mundoteatro), e onde "todo significa, pancomunica, porque o que deixa de estar comunica por non estar, e o que deixa de falar comunica por non falar" (LaTeatral). Falouse da súa "visceralidade" (El País) e da súa capacidade para realizar "unha cerimonia escénica de gran impacto visual no público" (La Razón).

